

NAVEGAR CON PALABRAS: O VIRUS DA LECTURA

UN CLUB DE CLUBS

No IES Lagoa de Antela existen tres grupos por niveis no alumnado, un amplo club integrado por 30 alumnos e alumnas que comezou a súa travesía hai catro anos. Tres profesoras coordinan cadanseu grupo, escollendo lecturas adaptadas ao nivel. As reunións teñen lugar nos recreos pois o centro está situado a máis de 2 km do centro da vila e a organización das actividades está supeditada ao transporte escolar. O 75% das lecturas son en galego pois un dos obxectivos do club é potenciar a lectura en galego.

O PROFESORADO SOBE AO BARCO DA LECTURA

Levamos dous anos cun grupo de 14 profesores e profesoras embarcados na aventura de ler, ao que se sumaron unha coidadora, un bedel e unha mestra do CEIP Rosalía de Castro. Organízanse catro reunións por curso, ás que acoden entre 8 e 12 integrantes, propoñéndose dous libros para cada sesión, un en galego e outro en castelán. As reunións teñen lugar no comedor do instituto, en centros de reaturación ou en espazos naturais atractivos. Provócase a discusión a partir dun cuestionario de preguntas.

A TRAVESÍA LECTORA DO ALUMNADO: OCUPANDO ESPAZOS DENDE AS MARXES

TERTULIAS EN OURENSE: Levamos dous anos acudindo ás tertulias literarias que organiza a Concellaría de Educación de Ourense no Liceo onde os membros do club debaten cos integrantes de clubs doutros centros (IES Cidade de Antioquía e IES Allariz). Optimizamos gastos compartindo autobús e planificamos outras actividades para aproveitar a xornada: visita a exposicións, itinerario d'A Esmorga...

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LECTORA COA PARTICIPACIÓN ACTIVA DO CLUB:

- Fomento da lectura oral coa intervención dos membros do club nas lecturas abertas que se organizan na biblioteca polos días sinalados no calendario e noutro tipo de accións: recitais, dramatizacións de lendas, lecturas dramáticas de pezas teatrais... Así conséguese facer visible o club, darlle prestixio, facilitar o contacto cos membros dos outros grupos e abordar outros xéneros como a poesía e o teatro.
- Encontros con escritoras e escritores para favorecer o diálogo.

- Proxección de películas e curtas baseadas nos libros ou que teñan relación cos seus contidos: *A lingua das bolboretas*, *Persépolis*, *Cometas en el cielo*, *O xogo da guerra*, *X nada...*e posterior debate.
- Potenciación da creatividade e uso das novas tecnoloxías: confección de videopoemas e curtas a partir de relatos ou guións elaborados polo propio alumnado.

IES LAGOA DE ANTELA. XINZO DA LIMIA